

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO:

Os obxectivos e as liñas de actuación teñen que adaptarse ás características concretas do centro, tanto nos aspectos pedagóxicos como de funcionamento. Nada será factible de realizarse sen unha participación activa e construtiva do Claustro e o Consello Escolar, que deberán apoiar e orientar as decisións que tome o equipo directivo como equipo de xestión. Conscientes da importancia da coordinación entre os distintos colectivos que conforman a comunidade educativa e da importancia da súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe de cara á formación integral do alumnado fomentando o traballo, estudo e a investigación desde unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades. Así pois, levarase a cabo un modelo educativo inclusivo, baseado na educación integral de mulleres e homes e a innovación educativa, mantendo e potenciando os seguintes obxectivos:

1. Levar á práctica un modelo educativo inclusivo, incidindo na coeducación, baseado na educación integral de mulleres e homes, que garanta unha formación académica, social e humana, integrado en competencias básicas, e xerar individuos-autónomos, con espírito crítico.
2. Mellorar o rendemento escolar mediante a atención á diversidade.
3. Diminuír as condutas disruptivas.
4. Integrar ao alumnado inmigrante.
5. Seguir a promover a participación activa e continuada de toda a comunidade educativa na vida cotiá do centro e nos seus órganos de control e decisión.
6. Poñer en práctica e/ou análise e seguimento dos diferentes plans e proxectos (Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial, etc)
7. Estreitar ao máximo as relacións do centro con asociacións, administracións públicas e entidades, especialmente culturais, da cidade, buscando vías para a continuidade dos nosos estudos.
8. Fomentar e defender o uso do galego nos diferentes ámbitos do ensino, nun clima de respecto e dentro da normativa vixente.
9. Potenciar a formación do profesorado para desenvolver Proxectos de Innovación Educativa que nos permitan situarnos nunha certa vangarda coa implicación da maior parte posible do claustro.

5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

5.1 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 1: Levar á práctica un modelo educativo inclusivo, incidindo na coeducación, baseado na educación integral de mulleres e homes, que garanta unha formación académica, social e humana, integrado en competencias básicas, e xerar individuos-autónomos, con espírito crítico.

5.1.1 Fomento de actuacións dirixidas á igualdade entre homes e mulleres. Sensibilización para a procura dunha escola non sexista.

✓ Sensibilización para a procura dunha escola non sexista, non xenófoba e comprometida co Desenvolvemento Sustentable, e a interculturalidade.

✓ Plan Proxecta. Programa institucional da Xunta de Galicia que nos permite integrar diferentes

proxectos nos que se traballan, entre outras, a educación por unha igualdade de xénero e a educación para a saúde e a afectivo-sexual.

5.1.2 Elaboración, de non existir, do Plan de convivencia, e a súa inclusión dentro do proxecto educativo, reflectindo dentro das Normas de organización e funcionamento do centro (NOF) os aspectos que defendan a igualdade entre mulleres e homes. Unha vez aprobadas as citadas normas, quedará un exemplar das mesmas na secretaría do centro, a disposición dos membros da comunidade educativa.

✓ Existe unha dinámica estendida social e familiarmente, na que se non se valora suficientemente o papel da muller, minimízase a importancia do estudo para a súa implicación na vida laboral, e xa no marco escolar, existe unha tendencia a certa agresividade verbal, de baixa intensidade, pero continua con connotacións claramente sexistas. Polo tanto, a observancia absoluta dos aspectos salientados nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 do 16 de xullo para a igualdade de homes e mulleres han de ser unha guía indispensable na filosofía educativa do centro. As NOF deberán considerar como agravante as faltas que revistan ese carácter discriminatorio, ao mesmo nivel que as manifestacións racistas ou xenófobas. Isto, ademais de ser un sentir de toda a comunidade educativa, é un requirimento dos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes, reflectido asemade no Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

5.2 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 2: Mellorar o rendemento escolar mediante a atención á diversidade.

5.2.1 Atención á Diversidade, ao alumnado con necesidades educativas especiais e altas capacidades.

✓ Aínda que estamos a falar dunhas ensinanzas de réxime especial altamente especializadas, deberanse adaptar, no marco do establecido no Real decreto 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, medidas en materia de promoción da accesibilidade. Asemade, para o alumnado de altas capacidades segundo a previsión do artigo 69 do texto refundido da LOMCE, xa citado no punto 3 deste proxecto), buscaremos a súa motivación ofertando actividades complementarias axeitadas a eles, xunto coa orientación recibida polo seu titor/a.

5.3 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 3: Diminuír as condutas disruptivas.

Renovación ou elaboración, de non existir, do Plan de convivencia, que deberá conter as normas de organización e funcionamento (NOF) para todos os membros do centro, medidas para prever condutas contrarias ás normas de convivencia, sistemas de detección do incumprimento das mesmas.

5.3.1 Reforzo do Consello para a Convivencia Escolar.

✓ Este proxecto aposta por respectar, asumir e potenciar o traballo do Consello para a Convivencia Escolar. Un respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia. En relación coas decisións de situacións de "conflito" entre alumnado, a lexislación actual deixa a última palabra en mans do Director á hora de establecer un mecanismo sancionador. Con todo, a decisión dun proceso sancionador non fai senón reflectir un fracaso nos dispositivos que regulan a convivencia harmónica nun centro, e nesa liña, propónse que a través das reunións legais anuais do Consello para a Convivencia Escolar., se fomenten os recursos de mellora neste aspecto esencial do centro: potenciación da Mediación, potenciación da Conciliación, vixilancia e prevención do acoso escolar, tolerancia cero ante a discriminación de xénero, integración dos casos de risco de exclusión social.



5.4 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 4: Integrar ao alumnado inmigrante.

5.4.1 Adaptación ao idioma.

✓ Deberá existir para o alumnado Inmigrante un protocolo de acollida que terá que estar recollido no Plan Lingüístico e que buscaría asegurar non só a integración idiomática nun prazo o máis corto posible, senón a social e humana.

5.4.2 Adaptación ás esixencias curriculares do noso sistema educativo.

✓ Proporcionar atención individualizada, apoios e reforzos nas diferentes disciplinas.

5.5 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 5: Seguir a promover a participación activa e continuada de toda a comunidade educativa na vida cotiá do centro e nos seus órganos de control e decisión.

5.5.1 Consolidar a comunicación fluída entre os diversos sectores da Comunidade.

✓ Un dos elementos fundamentais para o bo ambiente de traballo do centro é a interacción continua entre todos os elementos sociais e humanos que integran a comunidade educativa. Manterase, e mesmo reforzarase unha serie de encontros periódicos ao longo do curso académico:

- Reunións co profesorado, por medio preferentemente dos Claustros, e cando sexa preciso, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e outras reunións específicas de traballo.
- Convocatorias do Consello Escolar, nas que se deben debater, de xeito continuo, as liñas educativas e de identidade do conservatorio.
- Unha reunión coa Xunta de Delegados de alumnado, e coa directiva da ANPA, de ser o caso, previa a cada Consello Escolar.
- Encontros coas familias, de ser o caso, para informar da necesidade e das posibilidades de participación de pais/nais no centro: actividades extraescolares, participación no Consello Escolar, etc.
- Se é o caso, celebración ao principio do curso dunha reunión cos titores e coas titoras do alumnado e, de ser o caso, cos pais e nais do alumnado.
- Consulta periódica no curso das demandas do Persoal Non Docente.
- Reunión semanal formal (en horario fixo e establecido) do Equipo Directivo.

5.6 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 6: Poñer en práctica e/ou análise e seguimento dos diferentes plans e proxectos (Plan de Convivencia, Plan de Acción Tutorial, etc)

5.6.1 Análise, mellora e avaliación do Plan de Convivencia.

- ✓ Analizar o funcionamento, aportar propostas de mellora, e avaliar os resultados, e o nivel de satisfacción dos diferentes sectores. Os aspectos que haberá que considerar entre outros, serán: actuacións de prevención de acoso escolar e uso axeitado do protocolo, casos de disrupción, equidade nos resultados académicos (que garante un clima de aula adecuado), participación en actividades extraescolares e de voluntariado (que amosan o nivel de implicación da comunidade escolar co centro).

5.6.2. Análise, mellora e avaliación do Plan de Acción Titorial.

O plan de acción titorial tenderá a favorecer a integración e participación dos alumnos e alumnas, mediante un seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe, facilitando así a toma de decisións respecto ao seu futuro académico e profesional, que canalice mediante a información e orientación aqueles aspectos relacionados coa inserción nos estudos superiores das alumnas e alumnos. As liñas de actuacións neste sentido serán:

- ✓ Dinamizar as canles para a circulación da información entre o equipo de titores e o resto da Comunidade Educativa, na procura da potenciación da coordinación e o traballo en equipo dos titoras e titores.
- ✓ Revisión, e elaboración, de non existir, do Plan de orientación e acción titorial que deberá conter criterios de orientación profesional, así como procedimentos para a organización e funcionamento das titorías, e no que irán incluídas as liñas de actuación que os titores levarán a cabo co alumnado.
- ✓ Buscar instrumentos para revisar o funcionamento do PAT.
- ✓ Procura de información sobre as titulacións e equivalencias dos títulos académicos, bolsas de traballo, requisitos para acceder a diferentes postos de traballo, becas, concursos, realización de estudos superiores etc.

5.7 ACTUACIÓN VINCULADAS AO OBXECTIVO 7: Estreitar ao máximo as relacións do centro con asociacións, administracións públicas e entidades, especialmente culturais, da cidade, buscando vías para a continuidade dos nosos estudos.

5.7.1. Reforzo das relacións co Concello e coas administracións públicas para manter e mellorar os servizos e as infraestruturas.

- ✓ A actual realidade económica e social obriga a os centros educativos a un esforzo de comunicación e procura de intereses comúns coas institucións públicas, especialmente cos concellos, para aproveitar os recursos dispoñibles á hora de mellorar o funcionamento dos centros.

5.7.2. Mantemento do nivel de actividades extraescolares e complementarias.

As actividades complementarias e extraescolares favorecen o desenvolvemento cultural, especialmente cando se trata dun centro de ensinanza artística. Con todo, o volume económico que supón para un centro é importante. Por iso proponse:

- ✓ Atención prioritaria ás posibles convocatorias de actividades establecidas nos programas de cooperación territorial do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou Xunta de Galicia, que

supoñen un custo especialmente baixo para o centro e o alumnado.

- ✓ Colaboración coas principais entidades culturais, preferentemente, do contorno:
 - Orquestra Sinfónica de Galicia
 - Real Filharmonía de Galicia
 - Banda Municipal da Coruña
 - Conservatorios Profesionais de Música do entorno.
 - Escolas de Música do entorno.
- ✓ Busca de iniciativas innovadoras que permitan aforro nas actividades fóra do centro.
- ✓ Impulso de actividades didácticas en proxectos pedagóxicos relacionados con diversos ámbitos e niveis educativos, incluíndo posibles achegas dentro da atención á diversidade.
 - ✓ Fomento da práctica vocal e instrumental como eixo vertebrador do currículo no ámbito de concertos, mostras e saídas do alumnado ao obxecto de mellorar o seu desenvolvemento profesional como intérprete diante do público.

5.8 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 8: Fomentar e defender o uso do galego nos diferentes ámbitos do ensino, nun clima de respecto e dentro da normativa vixente.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece, no seu artigo Artigo 9 que nas ensinanzas artísticas cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

5.8.1. Erradicar os posibles prexuízos lingüísticos existentes na comunidade educativa.

- ✓ Toda a documentación ou correspondencia, tanto interna como externa, farase sempre en galego.
- ✓ Promover o uso do galego, cumprindo coa normativa vixente.

5.8.2. Fomentar o uso do galego por parte dos nosos alumnos.

- ✓ Planificar actividades que posibiliten a integración lingüística do alumnado non galego-falante.

5.8.3. Fornecer o coñecemento do repertorio galego.

- ✓ Dentro do repertorio musical que utiliza o alumnado na súa formación académica, debe prestarse especial atención a un mellor coñecemento das obras e dos autores fundamentais da cultura galega. Especialmente no que atinxe ás obras que empregan textos galegos onde existe un amplo repertorio que debe ser coñecido polo alumnado.

5.9 ACTUACIÓNS VINCULADAS AO OBXECTIVO 9: Potenciar a formación do profesorado para desenvolver Proxectos de Innovación Educativa que nos permitan situarnos nunha certa vangarda, e nos que se implique a maior parte posible do claustro.

5.9.1. Formación permanente do Profesorado para a innovación educativa.

✓ Desenvolver unha oferta ampla de Grupos de Traballo, Seminarios Permanentes, ou Proxectos de Formación. O Equipo Directivo, co apoio da Inspección favorecerá a asistencia a actividades de formación, especialmente as que redunden nunha aplicación práctica na aula e na adquisición de competencias para a elaboración e posta en práctica de proxectos de innovación educativa.

✓ Promover a elaboración de materiais didácticos, sobre todo en soporte dixital, e animar á publicación e difusión dos mesmos.

5.9.2. Formación continuada do profesorado no terreo da Coeducación.

✓ Potenciar a cualificación do profesorado no plano da Educación para o Desenvolvemento, Solidariedade, e no ámbito da Educación para Igualdade e Coeducación.